

PAZ CON LA CREACIÓN

Mensaje del obispo de Mondoñedo-Ferrol con motivo de la clausura del Tiempo de la Creación 2025

Mondoñedo-Ferrol, 30 de septiembre de 2025

Concluye este sábado, fiesta de San Francisco de Asís, el “Tiempo de la Creación”. Esta iniciativa ecuménica, impulsada por el papa Francisco, nos convoca a la oración, la reflexión y el compromiso responsable con nuestra casa común en la que vivimos. Desde el 1 de septiembre y hasta la celebración del santo patrono de la ecología, se han promovido iniciativas y actividades que nos ayudarán a sentirnos realmente conectados e interrelacionados con la obra de la creación.

En este año 2025 hay dos motivos especiales para su celebración. Por una parte, se conmemoran los 800 años del célebre Cántico de las criaturas, obra del santo de Asís. Se trata de uno de los primeros poemas en lengua italiana y, a lo largo de los siglos, ha acompañado la oración y la plegaria de millones de creyentes. A través de sus versos nos hemos emocionado, alabado y bendecido al Señor por la hermosa obra de la creación que nos rodea: “Loado seas, mi Señor, por todas tus criaturas, especialmente el hermano sol”. Y no solo hemos glorificado el nombre del Señor, sino que nos hemos sentido parte de su obra y vinculados unos a otros desde la comunión y la fraternidad. Una clave que deriva en el cuidado, la custodia, la responsabilidad.

Igualmente, este año 2025 se acaban de cumplir diez años de la encíclica que comienza precisamente con las primeras palabras del Cántico: Laudato Si. Aquel documento supuso una sorpresa del papa Francisco que marcó algunas de las claves de su ministerio pastoral: el cuidado de la casa común y el rechazo a la cultura del descarte que se convierte en el paradigma explicativo de nuestras relaciones sociales y ambientales. No son dos crisis sino una única crisis socio-ambiental. Aquella encíclica no despertó la conciencia ecológica que ya había sido promovida en otros documentos de doctrina social. Pero sí que nos invitó a trabajar y promover una ecología integral que tuviera en cuenta la realidad ambiental, personal, social, política, económica, espiritual... Desde entonces sus intuiciones han acompañado diversas iniciativas y sensibilidades que han contribuido, sin duda, a edificar el Reino de Dios. Quizás sería bueno releerla en su décimo aniversario y acoger sus propuestas proféticas.


Desde luego que vivimos tiempos marcados por los atentados a nuestro planeta, debidos a prácticas despóticas totalmente contrarias a la clave del cuidado que está en el plan divino. La situación de guerra en la que nos encontramos complica todavía más. El control por los recursos vitales hace que se practiquen políticas de “tierra arrasada”. Sin duda, es evidente que muchas actividades humanas del progreso y la técnica han contribuido a la destrucción de la creación. Pero hoy se habla de esta aceleración en los efectos. Es cierto que a nivel particular crece una mayor conciencia pero esta se hace difícil de armonizar con prácticas estructurales y un sistema

economicista que considera la creación como un elemento más de la producción. El consumo de élite, los modelos empresariales explotadores y las teorías económicas que priorizan el beneficio sobre la sostenibilidad son más responsables en esta guerra.

Ante esta situación, quizás es bueno acoger la invitación de nuestro papa León que, en su mensaje para esta ocasión, nos invita a practicar una justicia ambiental como necesidad que va más allá de la protección del medio ambiente. Se trata de una cuestión de justicia social, económica, antropológica y teológica. Y todo desde una certeza que, a veces, se nos olvida: “Parece que aún no se tiene conciencia de que destruir la naturaleza no perjudica a todos del mismo modo: pisotear la justicia y la paz significa afectar sobre todo a los más pobres, a los marginados, a los excluidos”.

Os invito a implorar al santo de Asís para que nos dé esa sensibilidad especial que él tenía y que le permitía acoger el grito de la tierra y el grito de los pobres. Os invito a renovar esa conversión ecológica porque, como nos decía la encíclica, “vivir la vocación de ser protectores de la obra de Dios es parte esencial de una existencia virtuosa, no consiste en algo opcional ni en un aspecto secundario de la experiencia cristiana”.

Vuestro hermano y amigo,



Obispo de Mondoñedo-Ferrol

Fernando García Cadiñanos

Obispo de Mondoñedo-Ferrol



SERVICIO DIOCESANO DE COMUNICACIÓN

www.mondonedoferrol.org

mcs@mondonedoferrol.org

981 353 295 | 981 353 200 | WhatsApp 689 748 679

[@mondonedoferrol](https://www.instagram.com/mondonedoferrol)

PAZ COA CREACIÓN

Mensaxe do bispo de Mondoñedo-Ferrol co gallo da clausura do Tempo da Creación 2025

Mondoñedo-Ferrol, 30 de setembro de 2025

Conclúe este sábado, festa de San Francisco de Asís, o “Tempo da Creación”. Esta iniciativa ecuménica, impulsada polo papa Francisco, convócanos á oración, á reflexión e ao compromiso responsable coa nosa casa común na que vivimos. Desde o 1 de setembro e ata a celebración do santo patrón da ecoloxía, promovéronse iniciativas e actividades que nos axudarán a sentirmos realmente conectados e interrelacionados coa obra da creación.

Neste ano 2025 hai dous motivos especiais para a súa celebración. Por unha banda, conmemóranse os 800 anos do célebre Cántico das criaturas, obra do santo de Asís. Trátase dun dos primeiros poemas en lingua italiana e, ao longo dos séculos, acompañou a oración e a pregaría de millóns de crentes. A través dos seus versos emocionámonos, encomiado e bendicido ao Señor pola fermosa obra da creación que nos rodea: “Loado sexas, o meu Señor, por todas as túas criaturas, especialmente o irmán sol”. E non só glorificamos o nome do Señor, senón que nos sentimos parte da súa obra e vinculados uns a outros desde a comunión e a fraternidade. Unha clave que deriva no coidado, a custodia, a responsabilidade.


Igualmente, neste ano 2025 cúmplíronse dez anos da encíclica que comeza precisamente coas primeiras palabras do Cántico: Laudato Si. Aquel documento supuxo unha sorpresa do papa Francisco que marcou algunhas das claves do seu ministerio pastoral: o coidado da casa común e o rexeitamento á cultura do descarte que se converte no paradigma explicativo das nosas relacións sociais e ambientais. Non son dúas crises senón unha única crise socio-ambiental. Aquela encíclica non espertou a conciencia ecolóxica que xa fora promovida noutros documentos de doutrina social. Pero si que nos convidou a traballar e promover unha ecoloxía integral que tivese en conta a realidade ambiental, persoal, social, política, económica, espiritual... Desde entón as súas intuicións acompañaron diversas iniciativas e sensibilidades que contribuíron, sen dúbida, a edificar o Reino de Deus. Quizais sería bo relela no seu décimo aniversario e acoller as súas propostas proféticas.

Desde logo que vivimos tempos marcados polos atentados ao noso planeta, debidos a prácticas despóticas totalmente contrarias á clave do coidado que está no plan divino. A situación de guerra na que nos atopamos complica aínda máis. O control polos recursos vitais fai que se practiquen políticas de “terra arrasada”. Sen dúbida, é evidente que moitas actividades humanas do progreso e a técnica contribuíron á destrución da creación. Pero hoxe fálase desta aceleración nos efectos. É certo que a nivel particular crece unha maior conciencia pero esta faise difícil de harmonizar con prácticas estruturais e un sistema economicista que considera a creación como un elemento máis da produción. O consumo de elite, os modelos empresariais explotadores e as teorías económicas que priorizan o beneficio sobre a sustentabilidade son máis responsables nesta guerra.

Ante esta situación, quizais é bo acoller a invitación de noso papa León que, na súa mensaxe para esta ocasión, convidanos a practicar unha xustiza ambiental como necesidade que vai máis aló da protección do medio ambiente. Trátase dunha cuestión de xustiza social, económica, antropolóxica e teolóxica. E todo desde unha certeza que, ás veces, esquecemos: “Parece que aínda non se ten conciencia de que destruír a natureza non prexudica a todos do mesmo xeito: pisar a xustiza e a paz significa afectar sobre todo aos máis pobres, aos marxinados, aos excluídos”.

Convidovos a implorar ao santo de Asís para que nos dea esa sensibilidade especial que el tiña e que lle permitía acoller o berro da terra e o berro dos pobres. Convidovos a renovar esa conversión ecolóxica porque, como nos dicía a encíclica, “vivir a vocación de ser protectores da obra de Deus é parte esencial dunha existencia virtuosa, non consiste en algo opcional nin nun aspecto secundario da experiencia cristiá”.

O voso irmán e amigo,



Obispo de Mondoñedo-Ferrol

Fernando García Cadiñanos

Bispo de Mondoñedo-Ferrol



SERVIZO DIOCESANO DE COMUNICACIÓN

www.mondonedoferrol.org

mcs@mondonedoferrol.org

981 353 295 | 981 353 200 | WhatsApp 689 748 679

@mondonedoferrol